



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

CONFIDENTIAL

[Faint, illegible text covering the majority of the page, possibly bleed-through from the reverse side.]

1. É función regulada na orde do 23 de outubro de 1998 para os centros de rehabilitación psicosocial e laboral en Galicia:

- A) A organización de actividades de lecer e tempo libre para persoas con enfermidade mental e as súas familias.
- B) O adestramento das persoas usuarias en actividades básicas da vida diaria.
- C) Mellorar o funcionamento psicosocial do enfermo, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.
- D) Desenvolver labores para a prevención de recaídas.

2. A pirámide de Kaiser é:

- A) Un modelo de intensidade da cronicidade.
- B) Un modelo de avaliación da cronicidade.
- C) Un modelo sistémico de risco de cronicidade.
- D) Un modelo de estratificación de riscos poboacionais.

3. A clasificación europea do senfogarismo e a exclusión residencial, ETHOS, establece catro categorías entre as que se atopa:

- A) Infravivenda.
- B) Vivenda vulnerable.
- C) Vivenda insegura.
- D) Refuxio.

4. Que función NON lle corresponde ao Comité de Ética Asistencial?

- A) Analizar e facilitar o proceso de decisión clínica nas situacións que presentan conflitos éticos.
- B) Propoñer á institución protocolos de actuación para as situacións en que xorden conflitos éticos graves ou de maneira reiterada.
- C) Asesorar ou emitir informe nos supostos en que o interesado presentase por escrito queixa ou reclamación xudicial ou administrativa.
- D) Protexer os dereitos dos pacientes.

5. Segundo a Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente, a información asistencial que ten dereito a recibir o paciente deberá ser:

- A) Como regra xeral, proporcionaráselle información de forma verbal, non sendo necesario deixar constancia na historia clínica.
- B) Débeselle dar a información sempre de forma escrita asegurándose da comprensión e lexibilidade dos documentos.
- C) A información clínica forma parte de todas as actuacións asistenciais, será verdadeira, comunicarse ao paciente de forma comprensible e adecuada ás súas necesidades e axudarlle a tomar decisións.
- D) Todas as respostas son correctas.

6. Os principios reitores do modelo de intervención social centrado na persoa son:

- A) Autonomía, individualidade, independencia, integralidade, participación, inclusión social, continuidade.
- B) Asertividade, capacidade, dependencia, solidariedade.
- C) Colectividade, inclusión social, integralidade, solidariedade, discontinuidade.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. A técnica gráfica que recolle información do medio social que rodea ao núcleo básico de convivencia, podéndose considerar como un resumo esquemático dos apoios sociais que ten a familia, denomínase:

- A) Mapa de relacións.
- B) Ecomapa.
- C) Mapa de redes.
- D) Diagrama de fluxo.

8. Con respecto ao documento de instrucións previas, sinala a resposta correcta:

- A) Pode outorgarse por unha persoa menor de idade, aínda que a súa eficacia queda condicionada a que no momento da súa aplicación o outorgante alcanzase a maioría de idade.
- B) En canto ao contido, debe incluír obrigatoriamente as instrucións sobre os coidados e o tratamento da saúde.
- C) Unha vez inscrito no Rexistro galego de instrucións previas non se pode solicitar a substitución ou revogación ata transcorridos polo menos 2 anos.
- D) A ausencia de inscrición dun documento de instrucións previas validamente outorgado non impedirá a súa aplicabilidade no ámbito sanitario.

9. En relación ao dó en coidados paliativos, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) O obxectivo principal da atención ao dó é facilitar o proceso de adaptación e previr un dó complicado.
- B) O proceso de dó comeza desde o momento que se confirma un diagnóstico con prognóstico de evolución desfavorable.
- C) A codificación social vai nos permitir identificar ás persoas que probablemente necesitarán apoio tras a perda.
- D) A claudicación familiar aumenta a probabilidade de dó patolóxico.

10. Entre as novidades que achega a "Guía de saúde infantil: actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria" (Consellería de Sanidade) NON se atopa:

- A) Avaliación do recentemente nacido/a en atención primaria.
- B) Seguimento do neno/a prematuro/a.
- C) Prevención dos trastornos do sono.
- D) Prevención da saúde bucodental.

11. Insérese nun contexto de globalidade, que ten en consideración o conxunto de actividades socioculturais, socioeconómicas e sanitarias da colectividade. A que se refire este enunciado?

- A) Traballo social de grupos.
- B) Traballo social sanitario.
- C) Traballo social comunitario.
- D) Traballo social en rede.

12. En relación aos malos tratos a persoas maiores ou con discapacidade, que se considera malos tratos por negligencia ou abandono?

- A) Sucidade, cheiros a feces ou urina, queixa de abandono, erupcións na pel non tratadas, úlceras por presión, malnutrición ou deshidratación, enfermidades non tratadas, incumprimento terapéutico.
- B) Fracturas, hematomas en mans, infeccións xenitais, sangrados vaxinais ou anais inexplicables, comportamento sexual desinhibido.
- C) Deliberado illamento, confusión, desorientación, vacilación ao falar e sensación de desamparo.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

13. A visita a domicilio é unha técnica do traballador social que require:

- A) Habilidades sociais e analíticas (escoita activa, mirada analítica, preguntas precisas, entre outras).
- B) Non é unha técnica de Tráballo Social Sanitario.
- C) A visita a domicilio realízase para unha valoración social, non requirindo de habilidades; simplemente é unha observación do domicilio.
- D) Ningunha é correcta.

14. Na teoría dos determinantes da saúde de Lalonde, o nivel de saúde dunha comunidade vén determinado pola interacción das seguintes variables:

- A) A bioloxía humana, o medio ambiente e o sistema de asistencia sanitaria.
- B) O sistema sanitario, estilos de vida, medio ambiente e bioloxía humana.
- C) Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais e ambientais.
- D) Factores relativos ao sistema sanitario, factores sociais, factores psicolóxicos e factores biolóxicos.

15. O Plan de Saúde Mental de Galicia post covid19 réxese por uns valores e principios, entre os que se atopan:

- A) Atención comunitaria.
- B) Continuidade asistencial entre os diferentes dispositivos e a equidade no acceso aos mesmos.
- C) As respostas A) e B) son correctas.
- D) Implicación do profesional de saúde na toma de decisións.

16. Respecto á garda de feito, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) É unha medida formal de apoio que se aplicará a quen necesite apoio de modo continuado.
- B) Trátase dunha situación necesariamente transitoria en tanto non se estableza outra forma de apoio xudicial.
- C) O gardador de feito necesita autorización xudicial en todos aqueles casos en que actúa en representación.
- D) Enmárcase dentro das denominadas medidas voluntarias de apoio.

17. É unha característica das familias multiproblema:

- A) Os roles están claramente delimitados.
- B) Adáptase ás presións externas e ao desenvolvemento dos seus membros.
- C) Prodúcese un alongamento de cada unha das fases do ciclo vital.
- D) Forte resistencia aos cambios.

18. O plan de emerxencia social sanitaria pola Covid-19 do Consello Xeral de Traballo Social contempla como liña estratéxica:

- A) Medidas específicas relativas a medios e reorganización do servizo de traballo social ante a situación de emerxencia da Covid-19.
- B) Definición dun procedemento de xestión social sanitaria das situacións de illamento social na comunidade.
- C) Establecemento de acordos, redes de coordinación e recursos extraordinarios con servizos sociais comunitarios, especializados e entidades sociais do territorio de referencia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

19. Segundo Ituarte (1992), que é o Traballo Social Sanitario?

- A) É unha actividade dentro da sanidade para derivar ós pacientes aos recursos sociais axeitados.
- B) É unha actividade profesional que ten por obxecto a investigación dos factores psicosociais, que inciden no proceso de saúde-enfermidade; así como o tratamento dos problemas psicosociais que padecen en relación aos síntomas de enfermidade, tanto se influen no desencadeamento ou se derivan deles.
- C) Actividade profesional que incide nos aspectos sociais das persoas, influíndo nelas de maneira proactiva.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Con respecto aos trastornos da alimentación, sinala a resposta correcta:

- A) O trastorno dismórfico muscular preséntase predominantemente en homes.
- B) Especificáanse dous tipos clínicos de bulimia nerviosa: o restritivo e o purgativo.
- C) A anorexia nerviosa dáse en idades máis avanzadas que a bulimia nerviosa.
- D) O trastorno por atracón caracterízase por episodios de atracón acompañado de condutas compensatorias.

21. Entre os determinantes que poden condicionar a causalidade nos estudos de investigación, sinala cal fai referencia a circunstancias que se aparecen desencadean o suceso en estudo:

- A) Condicións contribuíntes.
- B) Condicións suficientes.
- C) Condicións necesarias.
- D) Condicións continxentes.

22. A capacidade dunha droga para suprimir a síndrome de abstinencia producido por outra droga denomínase:

- A) Dependencia cruzada.
- B) Dependencia inversa.
- C) Dependencia psíquica ou psicolóxica.
- D) Escalada.

23. Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, referente á estrutura básica dos servizos sociais, a cal dos seguintes lle corresponde a función de valorar, diagnosticar e intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica e, normalmente, interdisciplinar?

- A) Servizos sociais comunitarios básicos.
- B) Servizos sociais especializados.
- C) Servizos sociais comunitarios especializados.
- D) Servizos sociais comunitarios específicos.

24. O programa ACOUGO en saúde mental:

- A) Actívase para os ingresos non voluntarios de persoas con enfermidade mental.
- B) Desenvolve un protocolo específico de intervención dirixido ás persoas con sospeita de descompensación de patoloxía psiquiátrica.
- C) Ten como obxectivo asegurar o traslado a un centro hospitalario de pacientes que precisen contención.
- D) Establece seguimento das persoas sen fogar afectadas de problemas de saúde mental.

25. Con respecto ao proceso metodolóxico en traballo social, sinala a resposta correcta:

- A) A opción metodolóxica adecuada é aquela que entende a teoría e a práctica como entidades complementarias.
- B) A observación participante é unha observación improvisada.
- C) O diagnóstico social consiste en recompilar información dun caso, sendo soamente un elenco de datos.
- D) Os indicadores de avaliación sempre son cuantitativos.

26. A que principios debe de atender xerarquicamente o/a traballador/a social cando se expoñen dúbidas nos supostos de revelación do segredo profesional?

- A) Principio de confidencialidade, autodeterminación e principio de liberdade de decisión.
- B) Protección dos dereitos fundamentais, principio de seguridade e principio de liberdade de decisión.
- C) Principio de autonomía, principio de confidencialidade e principio de igualdade.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

27. Cando un pai/nai/titor/a sente indiferenza, está preocupado por si mesmo e é incapaz de responder á conduta ou demandas dun neno/a, a que nos estamos referindo?

- A) Maltrato físico.
- B) Abandono emocional.
- C) Maltrato emocional
- D) Abandono intelectual.

28. Cales son principios xerais do traballo social?

- A) Dignidade, liberdade, sociabilidade e solidaridade.
- B) Autodeterminación, personalización, xustiza social e integridade.
- C) A aceptación e a neutralidade para atender á necesidade do individuo de non ser xulgado.
- D) Dignidade, autodeterminación e aceptación.

29. Respecto á organización da atención temperá en Galicia, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Confórmase como un sistema de atención integral e integrado.
- B) Os/as profesionais dos distintos ámbitos sanitarios, educativos e de servizos sociais coordínanse a través dos equipos interdisciplinares.
- C) As entidades privadas poderán participar no desenvolvemento e a realización dos servizos.
- D) Correspóndelle á consellería competente en materia de sanidade, prestar ou facilitar a dispoñibilidade de servizos sanitarios, comunitarios e de apoio educativo.

30. A interrupción voluntaria do embarazo, a petición da muller, poderase realizar:

- A) Dentro das primeiras 16 semanas e despois de que transcorrese, polo menos 3 días desde que a embarazada recibe a información sobre dereitos, prestacións e axudas, e a realización da intervención.
- B) Dentro das primeiras 14 semanas e despois de que transcorrese, polo menos 5 días desde que a embarazada recibe a información sobre dereitos, prestacións e axudas, e a realización da intervención.
- C) Dentro das primeiras 14 semanas e despois de que transcorrese, polo menos 3 días desde que a embarazada recibe a información sobre dereitos, prestacións e axudas, e a realización da intervención.
- D) Dentro das primeiras 14 semanas e despois de que transcorrese, no máis de 3 días desde que a embarazada recibe a información sobre dereitos, prestacións e axudas, e a realización da intervención.

31. Sinala que condición se debe dar para considerar malos tratos ás persoas maiores:

- A) Que sexa unha acción repetida no tempo.
- B) Que sempre exista intencionalidade.
- C) Que sexa físico, psicolóxico, sexual, por abandono ou negligencia.
- D) Que exista un vinculo ou relación, xa sexa no ámbito persoal ou institucional.

32. No estudo das redes sociais o grao de conexión entre os membros, independentemente da persoa informante, correspóndese con:

- A) Distribución.
- B) Dispersión.
- C) Homoxeneidade.
- D) Densidade.

33. No ano 1903 creouse internacionalmente o primeiro Servizo de Traballo Social Hospitalario, onde foi creado?

- A) Massachussets–General Hospital de Boston.
- B) London–Hospital de Inglaterra.
- C) Hotel Dieu de París.
- D) Hospital Beelitz Helistatten de Alemania.

34. Ferramenta eficaz para obter a información necesaria para avaliar e proceder á valoración dos logros alcanzados durante a intervención. Ten unha dobre finalidade: por unha banda, analizar co usuario os cambios que se produciron na situación social e por outro, preparar a finalización do caso. Referímonos a:

- A) Escalas de valoración.
- B) Reunións de expertos.
- C) A entrevista final de avaliación.
- D) Supervisión.

35. En Galicia a situación de violencia de xénero pódese acreditar mediante:

- A) Declaración xurada da vítima.
- B) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- C) Certificación e/ou informe das asociacións especializadas na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- D) Certificación do Servizo de Inspección educativa.

36. Cando a persoa necesita de axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non require o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal, denomínase:

- A) Dependencia leve.
- B) Dependencia moderada.
- C) Dependencia severa.
- D) Gran dependencia.

37. Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a mediación familiar:

- A) Adoita ser de carácter voluntario, aínda que en ocasións tamén pode ser imposta.
- B) A función principal da persoa mediadora será a de proporcionar unha solución aos conflitos.
- C) Ten como obxectivo o fomento da natalidade.
- D) Unha das súas finalidades é a de favorecer a responsabilidade parental compartida.

38. A OMS considera na definición do equipo de saúde:

- A) É unha asociación xerarquizada de persoas, con diferentes disciplinas e profesionais.
- B) Os seus obxectivos son os de cada disciplina profesional que participa.
- C) Prové a atención máis integral de saúde posible.
- D) Presta a súa atención nunha área xeográfica determinada.

39. Dentro do traballo social de grupo o Empowerment pódese definir como:

- A) É un modo de aplicar o traballo social, centrado nas fortalezas do individuo, o cal significa un enfoque positivo.
- B) É unha abordaxe interpretadora, holística e adecuada ás necesidades da poboación, moitas veces nunha posición estigmatizada e vulnerable, podendo ser aplicado a diferentes grupos de persoas.
- C) É un modo de traballar en grupo, focalizado nas redes sociais.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

40. A Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia:

- A) Ten como función orientar a coordinación sociosanitaria.
- B) Créase dentro do Plan Marco de Atención Sociosanitaria de Galicia.
- C) O seu obxectivo é identificar cales son as necesidades de atención sociosanitaria existentes.
- D) Créase para garantir unha adecuada, efectiva e eficiente coordinación institucional.

41. O traballador social de Atención Primaria de Saúde, dentro da entrevista ao paciente, debe:

- A) Extraer toda a información necesaria para levar a cabo o diagnóstico social adecuado.
- B) Proporcionar unha contorna de confort, respecto, confidencialidade e con ausencia de interferencias.
- C) Garantir o respecto á autodeterminación e autonomía das persoas, favorecendo ao máximo a súa implicación na toma de decisións.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

42. Segundo o Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, que condicións deben garantirse?

- A) Servizos básicos e fundamentais.
- B) Equidade e accesibilidade.
- C) Integridade e calidade.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

43. No terreo sanitario a atención sociosanitaria comprenderá:

- A) Os cuidados sanitarios de media estancia.
- B) A atención sanitaria á convalecencia.
- C) A rehabilitación en pacientes con déficit funcional non recuperable.
- D) A atención en hospital de día de procesos.

44. As comisións clínicas nun hospital:

- A) Son órganos de asesoramento.
- B) Utilizan a norma ISO para desenvolver a súa actividade.
- C) Levan a cabo a avaliación externa da institución.
- D) Son entidades acreditadoras da calidade.

45. O grao de dependencia segundo a Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, poderá ser revisable:

- A) A instancia do interesado por melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
- B) A instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio pola administración en caso de melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
- C) A instancia do interesado cando se dea un erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.
- D) A instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio pola administración por unha causa de melloría ou empeoramento da situación de dependencia, por un erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.

46. Sinala a resposta correcta. Os cuidados paliativos:

- A) Comezan a aplicarse cando os tratamentos curativos están esgotados.
- B) Están deseñados para proporcionar confort e soporte aos pacientes e ás súas familias.
- C) Atenden as necesidades físicas, psicolóxicas, sociais e éticas.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

47. O dereito de acceso á información contida na historia clínica electrónica poderá exercitarse:

- A) Polo paciente, é o único que pode acceder mediante acreditación da súa identidade.
- B) Mediante representación voluntaria, debidamente acreditada, ou legal, nos casos que corresponda.
- C) Por persoas vinculadas ao paciente, mediante acreditación dese vínculo sen necesidade de que o paciente o autorice e realizando solicitude por escrito.
- D) Por un terceiro, motivado por un risco subxectivo de saúde, previa acreditación do risco.

48. Na intervención desde as unidades de Hospitalización a Domicilio (HADO):

- A) O facultativo de atención primaria pode realizar a solicitude de valoración de pacientes por parte dos equipos de HADO.
- B) A valoración por parte do equipo de HADO ten que realizarse co paciente no domicilio onde vaia permanecer ingresado.
- C) Non pode facerse un ingreso en HADO durante a estancia do paciente nun centro residencial para persoas con dependencia grao I.
- D) Os traslados do paciente ingresado en HADO desde o seu domicilio ata o hospital, fanse todos en transporte sanitario urxente.

49. No referente á violencia de xénero, segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, sinala cal das seguintes afirmacións é certa:

- A) Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico.
- B) Prodúcese exclusivamente na vida familiar ou privada.
- C) Dentro do concepto de violencia de xénero exclúese a violencia vicaria.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

50. O traballo social individualizado:

- A) Ten como primeira referente histórica a Gordon Hamilton.
- B) En Europa desenvólvese tras a I Guerra Mundial pola influencia de profesionais de EE.UU.
- C) Orixínase co movemento da Reconceptualización a principios do século XX.
- D) Xurde co traballo de entidades como a Charity Organization Society.

51. Respecto aos estudos de cohortes:

- A) Son útiles para estudar enfermidades raras.
- B) Utilízase a odds ratio para estimar o risco de enfermidade.
- C) Un risco relativo maior de 1 indica unha asociación positiva entre o factor de estudo e a enfermidade.
- D) É un estudo experimental no que un dos grupos está ou estivo exposto ao factor de risco e o outro grupo non.

52. As persoas que viven en fogares onde a renda dispoñible por unidade de consumo é inferior ao 60% da mediana da renda nacional, considérase que se atopan en:

- A) Risco de pobreza.
- B) Risco de exclusión.
- C) Privación material.
- D) Pobreza material.

53. No modelo de intervención de traballo social en crise segundo Lydia Rapoport, destaca unha serie de rasgos inherentes, entre eles:

- A) Metodoloxía profesional directiva.
- B) Importancia da dimensión subxectiva do técnico.
- C) Rápidez e seguridade na toma de decisións.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

54. O modelo de intervención en traballo social que utiliza a delimitación do problema, o establecemento dos obxectivos, límite de tempo, tarefas a levar a cabo e contrato, como elementos principais nos que se sustenta a práctica é:

- A) Modelo psicodinámico.
- B) Modelo sistémico–ecolóxico.
- C) Modelo centrado na tarefa.
- D) Modelo crítico–radical.

55. Os centros de rehabilitación psicosocial e laboral en Galicia:

- A) Deben permanecer abertos un mínimo de 30 horas ao mes para atención directa ás persoas usuarias.
- B) Son centros de atención diúrna e residencial.
- C) A ratio mínima de persoal de atención directa decíde a dirección do centro.
- D) Deben estar situados no ámbito comunitario, cunha estrutura diferenciada de calquera outro dispositivo ou centro santario.

56. Mercedes, 82 anos, está viúva e vive soa. Ten unha filla única que reside en Asturias. A Mercedes diagnosticáronlle durante o seu ingreso hospitalario de cancro de pulmón en estado avanzado. Mercedes comunica o seu desexo de regresar ao seu domicilio ao alta hospitalaria, pero o servizo médico infórmalle que necesitaría de apoio médico no seu domicilio. Podería Mercedes acudir ao seu domicilio co servizo de Hospitalización a domicilio?

- A) Si, se previa valoración do servizo médico de HADO pódese asegurar un nivel de calidade similar ao do hospital.
- B) Si, se a paciente é aceptada polo servizo médico de HADO e o domicilio da paciente está dentro da súa cobertura.
- C) Non, se non existe un coidador principal identificado que se responsabilice do coidado de Mercedes no seu domicilio.
- D) O Servizo de HADO só a pode aceptar no caso de que necesite curas complexas ou apoio psicosocial.

57. Yolanda perdeu hai dúas semanas ao seu home nun accidente de tráfico. Está desbordada sentimentalmente e é incapaz de atender ao seu fillo de 5 anos. Yolanda é arxentina e tanto a súa familia como a do seu home falecido residen nese país. Acode ao centro de saúde porque tivo un desmaio na porta do colexio e o médico derivaa á consulta de traballo social. Con respecto ao modelo de intervención en crise, sinala cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA:

- A) Supón unha intervención activa e directiva na vida das persoas.
- B) A definición dos obxectivos depende de xeito maioritario do traballador social.
- C) A historia da persoa é un aspecto especialmente importante.
- D) A gravidade da crise non se relaciona coa gravidade do estresor senón coa da súa percepción pola persoa.

58. Juan, 28 anos, acode ao centro de atención primaria. Informa que a súa parella ten VIH. Juan acaba de chegar de Colombia, non esta empadroado e non ten asistencia sanitaria en Galicia nin no seu país de orixe. Solicita información para saber se lle poden realizar a proba e se en caso de ter a enfermidade poderíase tratar:

- A) Non, porque non é unha enfermidade suxeita a vixilancia epidemiolóxica.
- B) Pódese realizar a proba porque é unha enfermidade suxeita a vixilancia epidemiolóxica, pero non se lle pode facilitar tratamento.
- C) Pódese realizar a proba e no caso de que estea infectado procederase ao tratamento e seguimento clínico ata a súa curación; nese momento cesará a asistencia.
- D) Pódese realizar a proba e no caso de que estea infectado non ten dereito ao tratamento; só recibirá a asistencia sanitaria que se considere urxente derivada da propia enfermidade.

59. Coa información recollida durante a entrevista cun paciente podemos identificar como factores protectores fronte ao suicidio descritos no Plan de prevención do suicidio en Galicia:

- A) Cambios habituais de residencia ou de contorna social.
- B) Accesibilidade aos dispositivos de saúde.
- C) Existencia de contorna suicida.
- D) Estado de embriaguez ou intoxicación.

60. Acode ao centro de saúde María, a filla de Teresa. Segundo informa a súa nai foi valorada por dependencia hai un ano e concedéronlle o grao II. Tiñan solicitado servizo de axuda no fogar pero a súa nai negábase a aceptar axuda de persoas alleas á familia. A familia realizou renuncia expresa cando o expediente atopábase na fase de elaboración de PIA. María solicita información á traballadora social sobre o expediente e o traballador social infórmalle:

- A) Ao desistir do expediente de valoración de dependencia na fase de PIA pérdese o grao de dependencia e é necesario iniciar expediente de novo.
- B) O grao é permanente salvo empeoramento, podéndose solicitar a continuación da elaboración do PIA, someténdose aos prazos e requisitos establecidos.
- C) Pódese manter o grao durante dous anos, nos cales se poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA, someténdose aos prazos e requisitos establecidos.
- D) Pódese manter o grao durante cinco anos, nos cales se poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA, someténdose aos prazos e requisitos establecidos.

61. Para acollernos ao Programa de acompañamento nos hospitais e centros de saúde de Galicia 2020 debemos saber que:

- A) Desenvolve actividades lúdicas e de participación nos hospitais e centros de saúde.
- B) Acepta a participación de persoas voluntarias menores de idade para a súa colaboración na área pediátrica.
- C) O persoal contratado traslada aos usuarios que así o soliciten ó seu lugar de destino dentro do centro sanitario.
- D) Poden participar como membros do programa calquera persoa maior de idade que, de forma altruísta e solidaria, desexe realizar as accións que desenvolve o programa.

62. Manuela, 81 anos, viúva, con dependencia grao II. Convive co seu fillo Luís que é o seu cuidador e carece de recursos económicos. Durante a entrevista o traballador social detecta que Luís móstrase hostil, suspicaz para facilitar información, insiste en contestar el as preguntas. Luís mantén unha actitude desafiante e autoritaria, oponse a que a súa nai reciba ningún tipo de axuda. Existen indicadores de risco que nos fagan sospeitar unha situación de maltrato?

- A) Non, porque non existe unha historia previa de violencia familiar.
- B) Si, porque no seu fillo Luís danse indicadores de risco de malos tratos e Manuela é unha persoa dependente
- C) Non, porque non se aprecian malos hábitos hixiénicos ou desnutrición en Manuela e non existe historia previa de situación de maltrato.
- D) Non, porque Manuela négao e di que o seu fillo a trata adecuadamente.

63. Xoan, cunha discapacidade psíquica do 65%, acode a nosa consulta cun familiar para preguntar sobre o acceso a un centro de rehabilitación psicosocial; que documentos deben incluírse na solicitude?

- A) Folla de derivación, informe do médico de atención primaria, informe social e DNI do paciente.
- B) Folla de solicitude, informe clínico do psiquiatra, informe social e DNI do paciente.
- C) Folla de solicitude, informe médico de primaria, DNI y Tarjeta Sanitaria e informe social.
- D) Folla de derivación, informe clínico do psiquiatra, informe social e Tarxeta Sanitaria do paciente.

64. Paula ten 14 anos, acode ao seu centro de planificación familiar porque mantivo relacións sexuais sen protección anticonceptiva. Quere evitar un posible embarazo non desexado e necesita tomar anticoncepción de emerxencia, pílula poscoital. Cal das seguintes opcións sería a correcta?

- A) Paula é menor de idade e non pode acudir soa ao seu centro de planificación familiar, necesita do consentimento do seu proxenitor ou titor legal para poder ter acceso á pílula poscoital.
- B) Paula debe acudir á farmacia para poder ter acceso á pílula poscoital; esta prestación non esta financiada polo servizo galego de saúde.
- C) Paula pode acudir soa e solicitar a pílula poscoital ao seu centro de planificación familiar onde o facultativo valorará a condición da súa madurez e de considerala madura e capacitada facilitaralla.
- D) Paula debe acudir á farmacia acompañada dos seus pais ou titores, para retirala con prescrición facultativa.

65. Anabel é cuidadora desde hai anos do seu pai Antonio con Dependencia Grao I con principios de Alzheimer, e coméntanos que ela perdeu as ganas de quedar con amigos, familiares ou facer actividades agradables. Cal sería a opción correcta?

- A) Podemos pensar que ten depresión e derivámola a consulta de psiquiatría.
- B) Realizámoslle o índice de Katz, para valorar a sobrecarga nos cuidados.
- C) Realizámoslle a escala de Zarit, para valorar o grao de sobrecarga nos cuidados.
- D) Realizámoslle a escala de Gijón, para valoración da sobrecarga nos cuidados.

66. Carla acode á nosa consulta no centro de saúde coa súa filla Nerea, quen cumpriu o pasado mes de marzo seis anos, e nese mesmo día comunicáronlle a finalización do servizo de atención temperá. Carla di descoñecer o motivo, e podemos aclararlle que:

- A) O motivo é chegar ao límite da idade para recibir a intervención, a pesar de non alcanzar os obxectivos do plan personalizado de intervención.
- B) Prodúcese a baixa por cumprir os obxectivos establecidos, de forma verificada, no plan personalizado de intervención.
- C) A baixa pode estar motivada por unha sanción de finalización do servizo imposta polo Consello Autonómico de Atención Temperá.
- D) Pode solicitar unha prórroga no servizo ata que Nerea cumpra os dez anos, acompañada a solicitude de informe médico, social e/ou educativo que o xustifique.

67. Manuel, 69 anos, está no pleno uso das súas facultades. Está ingresado na planta de medicina interna e diagnosticáronlle cancro de próstata. Manuel négase a recibir calquera tratamento. O médico quere darlle a alta pero Manuel non a acepta. Cal das seguintes respostas é a verdadeira?

- A) O paciente ten que asinar obrigatoriamente o alta voluntaria.
- B) A dirección do centro sanitario, a proposta do médico responsable, poderá dispoñer a alta forzosa nas condicións reguladas na lei.
- C) A dirección do centro sanitario, a proposta do xefe ou xefa do servizo, poderá dispoñer a alta forzosa nas condicións reguladas na lei.
- D) Se procede alternativa paliativa, non pode manterse a hospitalización por ter rexeitado o tratamento proposto.

68. Andrés ten 56 anos. Foi diagnosticado dun adenocarcinoma de pulmón estadio IV. O oncólogo propúxolle iniciar tratamento de quimioterapia e radioterapia, pero Andrés negouse. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Andrés está obrigado a xustificar a súa decisión, por implicar un risco vital.
- B) O equipo médico ten o deber de tentar que acepte o tratamento, xa que a súa decisión implica un risco grave para a súa vida.
- C) A decisión do paciente debe respectarse.
- D) O equipo debe contactar coa familia e informarlles da situación.

69. Tras unha primeira entrevista, o traballador social despídese do usuario: "espero que nos volvamos a ver pronto e podemos tomar un café...". As expresións de compadreo ou manifestacións de simpatía:

- A) Facilitan a escoita activa.
- B) Deben evitarse.
- C) Reforzan a relación de apoio profesional.
- D) Son manifestacións da empatía.

70. Temos que deseñar un programa de atención ao paciente sociosanitario. Tomando coma referencia o Libro branco da atención sociosanitaria en España, cal dos seguintes NON se inclúe no perfil do paciente sociosanitario?:

- A) Ancián fráxil con pluripatoloxía que desenvolve unha incapacidade funcional temporal.
- B) Persoa con enfermidade en situación clínica terminal que precisa coidados paliativos.
- C) Persoa con trastorno cognitivo sobrevido que precisa atención para a recuperación total do seu déficit cognitivo ou para atrasar a deterioración irreversible.
- D) Persoa adulta con pluripatoloxía tras un episodio clínico agudo polo que precisa hospitalización.

71. María: "Xa non aguanto máis. Cada vez é máis violento comigo. Nada do que fago evita que el se enfade...". Como resultado dun proceso sistemático de violencia a vítima cre que non ten ningún control sobre a situación e que calquera cousa que faga será inútil. Cal das seguintes teorías explicarían a situación:

- A) Teoría do ciclo da violencia.
- B) Teoría da indefensión aprendida.
- C) Teoría da unión traumática.
- D) Modelo do castigo paradóxico.

72. José Luis ten 15 anos. Foi condenado por sentenza firme á permanencia de fin de semana en centro. Sinala a resposta correcta:

- A) Ao ser menor de 16 anos non é responsable penalmente.
- B) Trátase dunha medida de medio aberto.
- C) Trátase dunha medida cautelar de liberdade vixiada.
- D) Trátase dunha medida de internamento.

73. Carlos, con 16 anos e de nacionalidade hondureña, sin residencia legal en España, aínda que leva empadroado en Lalín 45 días, onde vive sin familia. Sufre unha caída polo que acude ao Servizo de Urgencias Hospitalarias donde se lle diagnostica unha fractura de tibia e peroné, e colócaselle unha ortese de escaiola. Para este episodio:

- A) Préstaselle atención sanitaria urxente pero non será gratuita.
- B) Para considerarse unha situación especial de asistencia sanitaria ten que acreditar a súa idade con documento válido e en vigor.
- C) Pode acollerse ó Programa Galego de Protección da Saúde Pública para dispor de asistencia sanitaria gratuita.
- D) Para a posterior retirada da escaiola en consultas externas non disporá de cobertura sanitaria por non tratarse dunha atención urxente.

74. Josefa de 90 anos de idade, vive soa no seu domicilio, non ten fillos nin familia próxima. Para valorar se necesita apoios nas ABVD, que escala podemos utilizar?

- A) Escala de Goldbert
- B) Escala de Shulman
- C) Escala de Gijón.
- D) Escala de Barthel.

75. Muller 36 anos de idade, que denuncia a sua parella Manuel por malos tratos hacia ela. Teñen 2 fillos menores en común. Aínda que sempre negou o maltrato da parella hacia os seus fillos, envíase informe ao equipo técnico de menores. Considérase que hai unha situación de desamparo dos fillos cando:

- A) Existe un conflito aberto entre o pai e a nai que poida prexudicar aos fillos.
- B) Existen conductas aditivas dos fillos co consentimento ou a tolerancia dos pais.
- C) Existe falla de atención física ou intelectual leve dos fillos por parte dos pais.
- D) Existe descoído non grave das necesidades principais dos fillos.

76. Nieves ten ao seu pai hospitalizado. O seu pai vive nunha residencia pública. Nos próximos días vanlle dar a alta hospitalaria e a intención de Nieves é levalo ao seu domicilio mentres se recupera. Nieves teme que poida perder a praza residencial. O traballador social infórmalle:

- A) Só se pode suspender o servizo de atención residencial por motivo de internamento nunha institución sanitaria e durante o tempo que dure a hospitalización.
- B) Pódese suspender o servizo de forma temporal, por motivo de internamento nunha institución sanitaria ou cando a familia ou o residente o solicite por motivo de convivencia familiar, sempre que a situación sexa xustificada e se solicite por escrito.
- C) Pódese suspender o servizo de forma temporal, por motivo de internamento nunha institución sanitaria ou por motivo de convivencia familiar fóra do centro; neste caso a suspensión do servizo non pode exceder dos 30 días naturais ao ano.
- D) Pódese suspender o servizo de atención residencial de forma temporal, por motivo de internamento nunha institución sanitaria ou por motivo de convivencia familiar fóra do centro; neste caso a suspensión do servizo non pode exceder dos 45 días naturais ao ano.

77. Tras a alta hospitalaria dunha unidade de hospitalización psiquiátrica, derívase a Elisa a un centro de rehabilitación psicosocial e laboral:

- A) Son preceptivos informe do médico psiquiatra e informe social.
- B) Tras o inicio da actividade no centro de rehabilitación psicosocial, a coordinación establecerase de forma preferente coa unidade de saúde mental da área xeográfica.
- C) Non se require situación de estabilidade clínica de Elisa no caso de seguimento en hospital de día para tratamento farmacolóxico e atención especializada para control de síntomas.
- D) Para a súa inclusión nas actividades do centro de rehabilitación psicosocial e laboral, a Elisa esíxeselle residir nun domicilio particular.

78. Marcos é o coordinador dun equipo interdisciplinar. Seguindo a Teresa Rosell:

- A) Non debe implicarse nos conflitos emocionais que se produzan no equipo.
- B) É quen decide as normas que rexen ao grupo e decide as tarefas de cada integrante.
- C) Facilita e modera a discusión, resume tendencias e aportacións.
- D) Utiliza a súa posición xerárquica para dirimir as diferenzas no grupo.

79. Xoán, 77 anos, viúvo, vive só no seu domicilio. Ten unha filla única, Paula. Está preocupada porque o seu pai pasa moito tempo só, está desanimado e os seus hábitos hixiénicos e alimenticios empeoraron. Juan non sofre perdas de memoria nin padece deterioración cognitiva. Paula acode ao centro de saúde para solicitar información. Quere que o seu pai acepte ingresar nunha residencia ou nun centro de día. Segundo o Código Deontolóxico, a que principio debe de atender o traballador social e a quen lle corresponde a decisión?

- A) A decisión de acudir a un centro de día ou a unha residencia correspóndelle a Xoán, atendendo ao principio de autodeterminación.
- B) A decisión de acudir a un centro de día ou a unha residencia correspóndelle a Xoán, atendendo ao principio de individualización.
- C) Ao traballador social, no caso de discrepancia entre pai e filla, atendendo ao principio de coherencia profesional.
- D) A decisión ten que ser consensuada entre pai e filla, atendendo ao principio de promoción integral da persoa.

80. Lorena, ten un fillo de 10 anos. Segundo a información recibida no seu centro de saúde, Lorena pode ter acceso a unha app gratuíta que se chama VACGAL. A que información pode acceder Lorena desde esta app?

- A) Coñecer o calendario de vacinas tanto infantil como de adultos, así como ver a correspondencia entre as vacinas administradas e o calendario de vacinas que lle corresponde segundo a súa idade.
- B) Só pode acceder á información relativa ao seu calendario de vacinas e consultar información sobre vacinas e viaxes.
- C) Coñecer o calendario de vacinas vixente para ela e o do seu fillo ou de calquera familiar a cargo, se previamente tramitou en E-Saúde unha autorización para acceso delegado.
- D) Coñecer o calendario vacinal, citas en consultas externas e informes validados.

81. Mónica, 25 anos, recoñecida discapacidade intelectual do 99%. Está sometida á patria potestade prorrogada. En virtude da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, sinala a resposta correcta:

- A) Os pais seguirán desempeñando a súa función durante o período dun ano.
- B) Os pais poderán solicitar á autoridade xudicial a revisión das medidas para adaptalas á lei.
- C) A falta de solicitude dos pais, a revisión haberá de realizarse de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal nun prazo máximo dun ano.
- D) A lei non establece ningún cambio con respecto á patria potestade prorrogada.

82. Pablo ten 15 anos. Presenta un patrón de comportamento que se iniciou durante a adolescencia e que se manifesta con problemas de autocontrol condutual con violación dos dereitos doutras persoas ou de normas sociais fundamentais, o que implica en ocasións a comisión de delitos. De que trastorno se trata?

- A) Trastorno negativista desafiante.
- B) Trastorno do control de impulsos.
- C) Trastorno de conduta.
- D) Trastorno adaptativo.

83. Acude á nosa consulta un home para solicitar información sobre a adopción en solitario dun neno español. Informámoslle dos requisitos precisos. Entre eles está:

- A) Idade mínima 24 anos e ter polo menos 15 anos máis co adoptado.
- B) Idade mínima 25 anos e ter polo menos 15 anos máis co adoptado.
- C) Idade mínima 25 anos e ter polo menos 16 anos máis co adoptado.
- D) Idade mínima 24 anos e ter polo menos 17 anos máis co adoptado.

84. Acabamos de realizar unha entrevista cunha paciente no centro de saúde. NON procede que durante o proceso para a elaboración do diagnóstico:

- A) Busquemos as relacións entre os factores existentes e coñecer aquelas variables que actúan como causas ou efectos das necesidades sociais existentes.
- B) Procuremos a implicación e participación dos individuos no proceso de cambio das situacións problemáticas expostas.
- C) Tratemos de establecer unha síntese descritiva ordenada evolutivamente.
- D) Conceptualicemos a necesidade social que nos atopamos como unha categoría das necesidades sociais básicas.

85. O concello de Celanova deseñou un programa de prevención de drogodependencia, dirixido ás alumnas e alumnos de 12 a 14 anos. Devandito programa vaise desenvolver no IES de Celanova. Trátase dun programa de:

- A) Prevención indicada.
- B) Prevención selectiva.
- C) Prevención universal.
- D) Prevención motivacional.

86. Lucía ten 60 anos. Hai dous meses que o seu esposo faleceu despois dunha longa enfermidade. A súa familia non acepta que “continúe de loito” e non entenden que siga en dó, xa que o desenlace era coñecido e esperado por todos. Trátase dunha situación de:

- A) Dó retardado.
- B) Dó crónico.
- C) Dó inhibido.
- D) Dó desautorizado.

87. Durante a valoración dunha persoa para o seu ingreso en hospitalización a domicilio, NON son condicionantes:

- A) Condicións da vivenda.
- B) Vontade do paciente.
- C) Habilidades da persoa coidadora.
- D) Disponibilidade de vehículo.

88. Menor de 6 anos, fillo dunha muller vítima de violencia de xénero. Cando chamaba á súa nai facíao como “puta ven”. Ao ser preguntado por que a nomeaba dese modo, contestou que “era como se chamaba a súa nai”. O menor normalizara condutas violentas e degradantes. Estamos ante unha situación de:

- A) Maltrato físico contra o menor.
- B) Maltrato social contra o menor.
- C) Maltrato emocional contra o menor.
- D) Maltrato sexual contra o menor.

89. “Que é o que teño? Vou morrer?” En canto á comunicación de malas noticias, sinala a resposta correcta:

- A) Hai que informar con detalle e de forma inmediata ao paciente de todo o referente á súa enfermidade: diagnóstico, pronóstico, tratamentos...
- B) Indagar canto quere saber antes de informar.
- C) Informar en primeiro lugar á familia para que “o vaian preparando”.
- D) Mentir en caso de necesidade.

90. Ernesto é dependente para case todas as actividades básicas da vida diaria. Convive no domicilio da súa filla Isabel desde hai dous meses. Isabel ten 45 anos e é a coidadora principal. Pode o traballador social tramitar expediente de valoración de dependencia e solicitar unha prestación económica de libranza de cuidados na contorna familiar?

- A) Si, porque é unha persoa dependente e cúmprense as condicións de convivencia e relación de parentesco.
- B) Non, porque os cuidados débense prestar no seu domicilio habitual e con carácter previo de dous anos á data de presentación da solicitude.
- C) Non, porque os cuidados débense de prestar no seu domicilio habitual, con carácter previo dun ano á data de presentación da solicitude, debendo residir a persoa en situación de dependencia nese domicilio como mínimo nove meses ao ano.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

91. María, 26 anos, está vacinada do virus do papiloma humano. Acode ao seu centro de saúde para solicitar información do programa galego de detección precoz do cancro de cérvix. Sinala a resposta correcta:

- A) María non é destinataria do programa, porque está dirixido a mulleres entre 35 e 65 anos.
- B) María é destinataria do programa se tivo relacións sexuais, ao ser maior de 25 anos.
- C) María é destinataria do programa porque está vacinada e o programa diríxese a mulleres maiores de 20 anos.
- D) María non é destinataria do programa porque está vacinada e a vacina protéxea.

92. Ángela ten 95 anos de idade, está encamada, necesita axuda para todas as ABVD e ten dificultade para desprazarse. De que tipo de paciente se trata?

- A) Paciente inmobilizado.
- B) Paciente crónico.
- C) Paciente terminal.
- D) Paciente difícil.

93. Susana, coidadora principal da súa nai con dependencia, fala co seu irmán: “Carlos, estou farta de que non me axudedes con mamá. Eu xa non aguanto máis...” Con respecto ás consecuencias do coidado, sinala a resposta correcta:

- A) As enfermidades físicas aparecen nos coidadores de xeito máis frecuente e intensa que os trastornos psicopatolóxicos.
- B) A dependencia física do enfermo produce maior nivel de sobrecarga que os problemas conductuais e cognitivos.
- C) A sobrecarga do coidador incrementa o risco de malos tratos cara á persoa enferma.
- D) A idade xove do coidador é un factor de protección de sobrecarga.

94. Vén a nosa consulta María de 76 anos de idade diagnosticada de Alzheimer, coa súa filla Josefa a pedir información de como solicitar a tarxeta AA. Cal sería a opción correcta?

- A) Non se lle facilita a información, xa que lle corresponde ao persoal sanitario.
- B) Informámoslle que está entre as causas para solicitar a tarxeta AA, derivándoa ao servizo administrativo do centro de saúde para facer as xestións precisas.
- C) O Alzheimer non está entre as causas para solicitar a tarxeta AA.
- D) Derivase ao seu médico de familia para que emita informe médico preceptivo.

95. Ana está embarazada de 21 semanas y se lle detectan riscos graves de anomalías no feto. Se se solicita a interrupción voluntaria do embarazo por causas médicas, dentro dos requisitos atópase:

- A) Un ditame emitido con anterioridade á intervención por un médico ou médica especialista.
- B) Un ditamen emitido con anterioridade á intervención por dous médicos ou médicas especialistas distintos do que a practique ou dirixa.
- C) Un ditamen favorable emitido con anterioridade polo comité clínico.
- D) Non se pode solicitar a interrupción do embarazo por superar as 20 semanas de xestación.

96. Sindo ten 76 anos. Vive só e non ten familia directa. Foi diagnosticado recentemente dunha enfermidade neurodexenerativa e en previsión de que no futuro poida necesitar o apoio dun curador, decidiu designar á súa afillada Claudia como futura curadora. Con respecto á autocuratela, sinala a resposta correcta:

- A) Ha de constituírse xudicialmente.
- B) Debe realizarse ante notario en escritura pública.
- C) Pode realizarse en documento privado ante tres testemuñas.
- D) A autocuratela foi substituída pola lei pola denominada autotutela.

97. Creamos no Centro de Saúde un grupo de axuda para persoas coidadoras de dependentes. Cando o grupo estabiliza a súa estrutura, os seus propósitos, os seus procedementos de goberno e funcionamento, esténdese a cultura de grupo e dá respostas eficaces ás tensións internas e externas, en que fase estamos según Kisnerman?

- A) Fase motivacional.
- B) Fase formativa.
- C) Fase de madurez.
- D) Fase intermedia II.

98. Lorena acode á nosa consulta no centro de saúde co seu fillo de dous anos, Marcos, diagnosticado con Síndrome de Down. Para solicitar a valoración e intervención da Rede Galega de Atención Temprá:

- A) A derivación só pode facela a pediatra.
- B) Non se lle pode derivar por non facerse tras o parto e o diagnóstico perinatal.
- C) No caso de que acuda a un centro de educación infantil, pode derivalo a dirección do centro.
- D) Pode derivárselle desde o servizo de pediatría, sistema educativo, ou servizos sociais.

99. Nunha entrevista cunha familia multiproblema, a traballadora social do seu centro de saúde indaga sobre o conxunto de sistemas cos que a familia garda relación e cos que mantén intercambios directos. Estamos a referirnos a:

- A) Microsistema.
- B) Mesosistema.
- C) Exosistema.
- D) Macrosistema.

100. Eva é traballadora social nun centro de saúde. Hoxe acode á súa consulta unha muller que refire ser vítima de violencia de xénero por parte da súa parella. Sinala cal das seguintes actuacións é a correcta:

- A) Tentar tranquilizala, explicándolle que todo se vai a arranxar facilmente.
- B) Presionala para que poña a denuncia de forma inmediata.
- C) Tomar decisións por ela.
- D) Respetar a súa elección, informándolle das vantaxes e inconvenientes da mesma.

101. Estamos nun grupo de traballo para o deseño dunha campaña de educación sexual dirixida ao ámbito da saúde e a intervención con colectivos LGTBI. Teremos en conta que é un mandato lexislativo o tratamento concreto de:

- A) O colectivo de mulleres que teñen sexo con mulleres, con visibilización e información do tratamento profiláctico postexposición para evitar a aparición do VIH
- B) O colectivo de adolescentes e xoves LGTBI, con concienciación sobre todo o abanico de infeccións de transmisión sexual.
- C) O colectivo de homes que manteñen sexo con homes, con recomendación de acudir a consultas regulares co persoal de medicina de familia ou aos especialistas que se lles indiquen.
- D) A poboación xeral, con formación na normalización do libre desenvolvemento da sexualidade e as relacións sexuais.

102. O traballador social do centro de saúde de Ribadeo está realizando o rexistro das relacións e vínculos familiares de María. De que aplicación informática se pode axudar para que a información recollida sobre a familia de María e as súas relacións sexa máis esquematizada e mellor organizada?

- A) GenoPro.
- B) Ferramenta tecnolóxica de valoración Inclúe.
- C) Ecomapa web.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

103. José, 78 anos. Está ingresado por unha insuficiencia renal grave. É dependente para as actividades básicas da vida diaria e convive no seu domicilio coa súa esposa María de 70 anos. Ambos queren que á alta hospitalaria, José retorne ao seu domicilio. A traballadora social estalle xestionando, en coordinación coa traballadora social do Concello, o servizo de axuda a domicilio. Atendendo á limitación do segredo profesional, como debe de ser a información facilitada?

- A) Debe de ceder a información recollida durante todas as intervencións, atendendo á calidade.
- B) Debe de limitar a información que achega a outro profesional tan só aos elementos que considere estritamente indispensables para o obxectivo común, respectando o segredo profesional.
- C) Segundo a normativa de protección de datos de carácter persoal non pode facilitar información persoal.
- D) Non se precisa a autorización do paciente para a coordinación con Servizos Sociais.

104. Lois está ingresado no Servizo de Oncoloxía. Outorgou o documento de instrucións previas hai un ano. Hoxe o oncólogo infórmalle dun mal pronóstico a curto prazo e ten que tomar certas decisións con respecto aos cuidados e o tratamento da súa saúde. Das seguintes afirmacións, cal é certa?

- A) Se no momento actual está en pleno uso das súas facultades psíquicas, o oncólogo debe cingirse ás indicacións do paciente independentemente do estipulado no documento de instrucións previas.
- B) Se non se atopa capacitado para a toma de decisións de forma permanente e irreversible, será o representante quen decida no seu lugar.
- C) O profesional deberá respectar sempre os desexos do paciente, salvo que se acolla á obxección de conciencia.
- D) O documento de instrucións previas outorgado só ten validez se se formalizou a súa inscrición no Rexistro galego de instrucións previas.

105. Organizaremos a nosa intervención desde os dispositivos de saúde sobre a poboación sen fogar de Galicia e de acordo co Plan de atención ás persoas sen fogar 2019–2023 sabendo que:

- A) Máis da metade das persoas sen fogar manifestan ter un estado de saúde malo ou moi malo.
- B) As persoas sen fogar están exentas de aboar a parte do copagamento dos medicamentos.
- C) No colectivo de persoas sen fogar obsérvase baixa adherencia terapéutica.
- D) Entre os problemas de saúde percibidos nas persoas sen fogar, as adiccións son menos frecuentes que outros problemas de saúde mental.

Preguntas de reserva

106. Para establecer a valoración diagnóstica dun caso, e atendendo á lexislación vixente, poderemos afirmar que:

- A) Existirá discriminación directa cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- B) Prodúcese unha discriminación indirecta cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación.
- C) Existirá acoso discriminatorio cando se produza unha conducta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante, ofensiva ou segregadora.
- D) Entenderase por principio de discriminación, a igualdade de trato directo ou indirecto por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

107. “Doutor, por favor, non lle diga ao meu marido que ten cancro. Non podería soportalo”. A conspiración do silencio:

- A) Xera na paciente tranquilidade e benestar, ao librarlle dunha información daniña.
- B) É un elemento adaptativo.
- C) Contribúe á elaboración do duelo da familia.
- D) É un factor que aumenta o risco de claudicación.

108. Xoán ten 78 anos. Está valorado por dependencia con resolución de grao I. Nos últimos meses empeorou o seu estado de saúde e a súa mobilidade. O traballador social do centro de saúde que realiza o seguimento informa á familia sobre a posibilidade de solicitar unha revisión do grao de dependencia. Que puntuación necesita para conseguir o grao II e a cantas horas do servizo de axuda no fogar podería optar?

- A) Debería ter polo menos 49 puntos e poderían concederlle entre 20 e 45 horas ao mes do servizo de axuda no fogar.
- B) Debería ter de 50 a 74 puntos e poderían concederlle como máximo 40 horas ao mes do servizo de axuda no fogar.
- C) Debería ter de 50 a 74 puntos e poderían concederlle entre 21 e 45 horas ao mes do servizo de axuda no fogar.
- D) Debería ter como máximo 75 puntos e poderían concederlle entre 21 e 45 horas ao mes do servizo de axuda no fogar.

109. Paciente de 79 anos de idade, intervido de fractura de cadeira, que estivo hospitalizado durante 10 días. Cande lle deron a alta, no seu domicilio presenta problemas para durmir, desorientación e agresividade.

Estamos ante un paciente:

- A) Paciente crónico de baixa complexidade.
- B) Paciente fráxil.
- C) Paciente crónico de complexidade media.
- D) Paciente en situación de complexidade alta.

110. Xoana de 17 anos está embarazada de 10 semanas. Pídenos información sobre a interrupción voluntaria do embarazo. Entre a información que lle daremos está:

- A) Terá que practicalo un médico especialista e precisa consentimento expreso e por escrito de Xoana.
- B) Terá que practicalo un médico especialista e precisa consentimento dos seus pais ou titores legais.
- C) Terá que practicalo un médico especialista ou baixo a súa dirección e precisa o consentimento expreso e por escrito de Xoana.
- D) Terá que practicalo un médico especialista ou baixo a súa dirección e precisa consentimento dos seus pais ou titores legais.